

Xoves, 30 de marzo de 2023

Núm. 63

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

*Ref.: 2022/XENDXPC/000005**EXPDTE: PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO
DE PONTEVEDRA**TRÁMITE: ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA*

Polo Pleno deste Concello en sesión de 20.01.2023 aprobouse definitivamente o “Plan de Actuación Municipal contra incendios forestais do Concello de Pontevedra”.

O Plan non ten carácter normativo, debendo entenderse como un Plan especial de emerxencias no eido dos incendios forestais, de conformidade coa Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Neste sentido, a previsións que se efectúan respecto as obrigas de terceiros consideraranse na medida en que reproducen preceptos legais de directa aplicación, tendo os planos que se inclúen carácter informativo. Isto a salvo a súa tramitación complementaria, chegado o caso, como instrumento regulamentario e de conformidade coa Lei galega 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

O anuncio completo da súa aprobación, así como o Plan, publícase na sede electrónica: <https://sede.pontevedra.gal/>, apartado transparencia, Información de planificación, plans de actuación. Facilitarase o enlace actualizado (de ser o caso) a calquera persoa coa mera solicitude de palabra.

Un exemplar do plan aprobado para consulta pública estará a disposición de calquera persoa interesada, ademais de na web ou sede electrónica, na Dirección xeral de Protección cidadá, sita na rúa Churruchaos,2-2º.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que esgota a vía administrativa, poderá interporse recurso contencioso -administrativo ante o Xulgado competente deste orde de Pontevedra, nos 2 meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación (arts 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo).

Non obstante, potestativamente, poderá interporse recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución ou acordo, no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación (art. 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro). De optarse pola interposición do recurso de reposición, o recurso contencioso-administrativo non poderá interpoñerse ata que aquel sexa resolto expresamente ou por silencio administrativo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: V5KRQM87BH2VTOTW



Xoves, 30 de marzo de 2023

Núm. 63

O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa e notificada (arts 124.2 e 24.1 e 2 da Lei 39/2015). Neste último caso poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se estime e sexa conforme a Dereito.

O secretario xeral do Pleno, José Luis Mato Rodríguez. Sinatura electrónica.

